

4 Mayo de 2015 - Revista 1019

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 7

BOLSAS E AXUDAS / 9

PREMIOS E CONCURSOS / 11

NOVAS DE EMPREGO / 12

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX / 18

EN PORTADA

Remata o curso de xestión de proxectos de participación impulsado por Xuventude, no que se formaron 110 profesionais

Mercres, 29 Abril 2015 08:20

O curso de xestión e dirección de proxectos de participación xuvenil, unha actividade formativa pioneira en Galicia organizada pola Consellería de Traballo e Benestar, vén de rematar coa participación dun total de 110 profesionais.

En concreto, desenvolvéronse dúas actividades formativas: entre febreiro e abril nas cidades de Ourense, Pontevedra, Santiago, A Coruña, Lugo e Vigo para 90 persoas; e outra edición intensiva, durante dous sábados do mes de marzo, en Santiago de Compostela, e na que tomaron parte 20 persoas.

Estes cursos están dirixidos a traballadores e xestores do eido da xuventude, profesores, directivos de entidades xuvenís e de acción voluntaria, e estudantes universitarios. Os contidos impartíronse cunha metodoloxía participativa e dinámica, co fin de formar aos inscritos en competencias clave en este ámbito.

Así, cada acción formativa -de 50 horas de duración- estivo dirixida a 15 alumnos, co fin de favorecer unha atención máis personalizada. Do total, 25 horas destináronse a contidos teóricos e presenciais, e outras tantas foron para a formación práctica, onde se incluíu a participación do alumnado nas xornadas do programa Incubadora de Proxectos, que ten como obxectivo achegar os novos programas de educación non formal aos concellos e universidades galegas.

Deste xeito, ao longo da realización do curso, dotouse aos participantes de recursos, ferramentas e materiais necesarios para impulsar a aprendizaxe non formal desde as súas organizacións. De feito, o propio programa xurdiu da demanda existente para mellorar a calidade dos proxectos de participación xuvenil, tendo en conta a crecente oferta no marco da educación non formal e de participación da mocidade, elementos que cada vez contan con máis peso no currículo.

Durante o período de inscrición do cursos, foron máis de 300 os interesados na súa realización, polo que a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado levará a cabo unha terceira edición desta actividade formativa.

Aberta a preinscrición de Másteres Oficiais para o curso 2015/2016

Mercres, 29 Abril 2015 11:49

PLAZOS DE PREINSCRICION DE MÁSTER NAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS ESPAÑOLAS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS



1. COMUNIDADE VALENCIANA

Universidade de Valencia
Presentación de solicitudes de preinscrición: Do 9 de marzo ao 15 de xuño de 2015-04-21
<http://universidadviu.com/>

2. PAIS VASCO

Universidad del País vasco
Presentación de solicitudes de preinscrición: Do 30 do 30 de marzo ao 31 de maio de 2015.
Máis información:
<http://www.ehu.es/es/web/estudiosdeposgrado-graduondokoikasketak/master-ofizialak>

3. ANDALUCIA

Universidades de Andalucía
-Granada-Sevilla-Córdoba-Almería-Málaga-Cádiz
Presentación de solicitudes: do 1 de xullo ao 25 de agosto

4. GALICIA

Teléfonos de información: 881812000(de 9 a 14h) 982823581 (de 15 a 21 h)
Preinscrición: 7 xullo a 2 de Agosto

Remata o programa 'Incubadora de proxectos' de Xuventude no que participaron máis de 3.500 mozos e mozas

Luns, 04 Maio 2015 08:18

O programa "Incubadora de proxectos", da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, vén de rematar, tras acadar a participación de máis de 3.500 mozos e mozas. En total, organizáronse entre os meses de abril 120 edicións deste programa, sendo 85 nas distintas facultades das tres universidades e 35 concellos.

Esta iniciativa está enfocada aos mozos e mozas que teñan previsto presentar propostas no marco de programas de educación non formal e busquen mellorar as súas competencias e destrezas en canto á redacción e execución de proxectos. Así, o seu obxectivo foi difundir entre a mocidade a información e as ferramentas para poder levar a cabo o desenvolvemento e execución de propostas de calidade.

Os destinatarios deste programa son animadores xuvenís, técnicos municipais, axentes de desenvolvemento local, concelleiros de xuventude, asociacións xuvenís, grupos informais de mozos e mozas, estudantes e, en xeral, calquera colectivo interesado nos programas de participación xuvenil.

Ao mesmo tempo, con este tipo de iniciativas, búscase a consolidación dos programas de participación xuvenil como actividades de aprendizaxe non formal que permiten aos participantes desenvolver as súas capacidades, creatividade, e espírito emprendedor, involucrándose na posta en marcha dos seus propios proxectos.

En concreto, nos foros facilitouse información sobre os programas **Erasmus+**, **Iniciativa Xove**, **Voluntariado xuvenil** e **Galeuropa**. O primeiro deles, da **Comisión Europea**, inclúe tres liñas de actuación: proxectos de mobilidade, actividades que fomenten a colaboración entre institucións e organizacións xuvenís o mundo laboral, e actividades de apoio ao diálogo entre a mocidade e os sistemas educativo, formativo e as institucións democráticas.

Os outros tres programas parten de axudas da *Consellería de Traballo e Benestar*. **Iniciativa Xove**, publicada no DOG do 10 de abril, permite sufragar aqueles proxectos protagonizados pola mocidade, tanto por asociacións formalmente constituídas como por grupos informais.

O **Voluntariado Xuvenil**, que se publicou o 17 de abril no DOG, apoia a incorporación de mozos e mozas como voluntarios a proxectos desenvolvidos por concellos ou entidades, unha experiencia da que reciben posteriormente unha certificación.

Por último, **Galeuropa** é un programa de mobilidade que permitirá aos novos titulados universitarios ou de formación profesional realizar prácticas formativas en empresas doutros países.

O DOG publica mañá a convocatoria para o curso 2015/16 de 15 prazas de bolseiros nas residencias dependentes de Xuventude

Luns, 04 Maio 2015 08:32

O **Diario Oficial de Galicia (DOG)** publicará mañá a convocatoria para o curso 2015/2016 de 15 prazas de colaboradores-bolseiros nas residencias xuvenís que dependen da *Consellería de Traballo e Benestar*. En concreto, o reparto será o seguinte: 4 prazas no centro residencial Lug, de Lugo; 5 prazas na residencia Florentino López Cuevillas, de Ourense; e 6 prazas na Altamar, de Vigo.

Os beneficiarios das mesmas contarán con aloxamento e manutención gratuítos, a cambio de desenvolver labores de dinamización xuvenil. Os mozos e mozas disporán da asistencia dun titor ou titora, que coordine e dirixa as funcións que van desempeñar nos centros. Deste xeito, os participantes realizarán traballos de dinamización, incluídas actividades de información xuvenil, biblioteca, informática e deporte, entre outras.

O **prazo** para solicitar praza é **dun mes a partir do día seguinte á súa publicación no DOG**. Ademais da inscrición, os interesados deberán presentar un proxecto de actividades que se pretenda desenvolver na residencia, así como presentarse a unha entrevista persoal. Para a adxudicación, valorarase a calidade do proxecto presentado; a renda media da unidade familiar; o rendemento académico; a condición de desempleado sen prestación económica do pai, nai ou titor legal; a condición de familia numerosa, de orfanda, discapacidade de calquera membro de unidade familiar; ter a residencia familiar en Galicia; ser muller en estado de xestación ou vítima de violencia de xénero; e outras circunstancias sociofamiliares como ter un irmán ou irmá con praza renovada na residencia, ou ter a condición de familia monoparental.

Os destinatarios deberán ter entre 18 e 30 anos, e cursar estudos universitarios nunha facultade ou escola, estudos superiores en ensinanza artística, ou ciclos formativos de grao superior que admitan, polo seu contido e saídas profesionais, a formación e

práctica a través de calquera das tarefas que se poidan desenvolver na residencia xuvenil. A renda familiar non debe superar o 150 por cento do IPREM.

As residencias xuvenís son un instrumento ao servizo da mocidade e, en particular, dos mozos e mozas estudantes durante o curso académicas. Nelas, ofrécense aloxamento e manutención, e actividades e convivencias educativas que fomentan valores sociais, culturais e deportivos da mocidade residente.

Esta iniciativa enmárcase no obxectivo da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* de fomentar actividades xuvenís e favorecer o acceso ás ensinanzas superiores e, ao mesmo tempo, dotar de persoal de apoio no eido educativo e asistencial ás tres residencias xuvenís.



EN PORTADA ➔ NOVAS E ACTIVIDADES

Probas de acceso ás ensinanzas superiores de Música

Martes, 28 Abril 2015 06:51

A *Consellería de Educación* convoca **probas de acceso específicas ás ensinanzas superiores de música** para o curso 2015/16.



A inscrición farase na secretaría dos conservatorios superiores de música de Galicia ata o día 5 de xuño.

As probas específicas de acceso comezarán o día 22 de xuño.

Unha vez concluída a proba específica, os tribunais publicarán a listaxe de persoas que superaron a proba e as non admitidas.

O alumnado que obteña praza deberá formalizar a súa matrícula entre os días 7 e 15 de xullo.

Máis información no DOG do 28 de abril de 2015 e en www.edu.xunta.es

Carné xove: Compos - Real Avilés

Martes, 28 Abril 2015 07:42

A *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*, coa colaboración da **SD Compostela**, invítante a participar no sorteo do **Carné Xove** desta semana.



Sorteamos **10 lotes de 2 entradas** para encontro entre a **SD Compostela** e o **Real Avilés**, que se disputará o **día 17 de maio**, no Estadio Municipal de San Lázaro.

Podes participar enviando xa o formulario ata as **9.00 h do luns, día 11 de maio de 2015**.

A entradas poderanse retirar nas oficinas da **SD Compostela**, no estadio de San Lázaro, na semana anterior o encontro, ou nas taquillas do estadio o mesmo día do partido. **O gañador deberá presentar o carné xove en vigor.**

GAÑADORES (os gañadores publicaranse o 11 de maio)

Xogo de creación de empresas na Coruña e Ferrol

Martes, 28 Abril 2015 07:57



Queres pasar unha mañá divertida a través do **Xogo de Empresa #ASoluciónCooperativa?**

Os estudantes universitarios coñecerán as cooperativas mediante a realización dun xogo de empresa que lles permita interiorizar mellor os conceptos e características desta fórmula empresarial.

É unha actividade gratuítas na que poderás mellorar as túas habilidades como emprendedor/a dunha forma práctica e amena.

Coñecerás casos reais de éxito de empresas cooperativas da man dos seus promotores. Ademais, o final da actividade teredes a oportunidade de probar un menú degustación de produtos cooperativos!

Trátase dunha iniciativa da *Consellería de Traballo e Benestar* e cofinanciada polo *Fondo Social Europeo*.

Campus da Coruña

5 de Maio. 10:00 a 14:00 h
Facultade de Dereito-Aula 12

Campus de Ferrol

6 de Maio. 10:00 a 14:00 h
Facultade de Ciencias do Traballo- Aula 5

Inscripcións: no 981 558 008 ou en info@eusumo.coop, facilitando nome, DNI e email!

EMPREGO UDC- SAPE

Teléfono: 981 337 400 Ext: 3616

Verán CampUSC 2015 en Santiago de Compostela

Martes, 28 Abril 2015 09:29



A *Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social da USC* e a *Fundación USC Deportiva* organizan o **Verán CampUSC 2015**, un campamento urbano deportivo dirixido a nenos e nenas de 3 a 13 anos de idade que posibilitará a conciliación entre a vida laboral e familiar durante o periodo de vacacións escolares.

O **Verán CampUSC 2015** servirá como espazo de iniciación a unha grande cantidade de xogos e deportes, atendendo ás idades e desenvolvemento psíquico-físico dos nenos e nenas.

O programa divídese en cinco quendas entre o **22 de xuño** e o **8 de setembro** (agás agosto) nun horario de **luns a venres de 08:45 a 14:30 h**.

O **prazo** de preinscrición estará aberto ata o domingo **10 de maio** e pode facerse na páxina web da Fundación USC Deportiva: www.fundacionuscdeportiva.org

Bolsas interesantes!!

Martes, 28 Abril 2015 09:33



Podes consultar na nosa web, bolsas que se convocan ao longo de ano, clasificadas por entidades convocantes ou por materias:

Bolsas por materias.

Bolsas por entidades convocantes.

Semana Europea da Xuventude 2015

Mercres, 29 Abril 2015 07:35

O luns **4 de maio** comeza a sétima edición da **Semana Europea da Xuventude (SEJ)**. O obxectivo desta celebración é alentar as persoas novas a participar na sociedade civil e crear conciencia da importancia de que a súa voz sexa escoitada. Tamén se fará fincapé en como a adquisición e desenvolvemento de habilidades adquiridas, ás veces, fóra da escola ou da universidade poden axudar a encontrar un traballo.



Centos de actividades desenvolveranse en trinta e tres países europeos do **27 de abril ao 10 de maio**. Ademais, organizados pola *Comisión Europea*, celebraranse, en Bruxelas distintos actos como debates, conferencias e exposicións entre os que podemos destacar "*European Youth Week High-Level Political Debate*", "*Structured Dialogue Conference*", "*Piloting Youth Guarantee on the Ground - Experiences from the European Parliament Preparatory Action (EPPA)*" "*Erasmus+ youth field: Inclusion and Diversion Strategy Launch Event*" ou o seminario "*Ideas Lab*".

E, un ano máis, o *Festival "YO!Fest"* que, organizado polo *Foro Europeo da Xuventude*, acollerá miles de mozos na explanada do *Parlamento Europeo*.

Se non podes estar en Bruxelas durante eses días, tamén poderás participar xa que moitos dos actos se poderán seguir por internet (#youthweek).

Na páxina do *Portal Europeo da Xuventude*, podes consultar máis información que se irá actualizando segundo se confirmen as actividades que se celebrarán en cada país.

https://europa.eu/youth/eyw_es

Os gañadores do Parlamento Xove comentan a final do certame en Xuventude.Novas

Mercres, 29 Abril 2015 07:45



Os dous equipos gañadores do **Parlamento Xove 2015**, un equipo do **Colexio La Salle de Santiago** na categoría da *ESO* e outro do **IES de Becerreá** na de *Bacharelato*, protagonizan senllas entrevistas no novo número de **Xuventude.Novas**, a revista interactiva da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Os gañadores en secundaria afirman que en ningún momento deron por gañado o debate, que sempre viron moi igualado. Destacan a importancia da preparación previa e de controlar os nervios. E o equipo triunfador en Bacharelato manifesta que para gañar o máis útil é ter capacidade de refutar con viveza os argumentos dos oponentes, sen ceñirse estritamente a ningún guion ou esquema previo.

Outra entrevista que ofrece esta edición é co gañador do **certame Xuventude Crea** na categoría de relato breve. Chámase *Daniel Barral*, cumpriu recentemente a maioría de idade e explica que o seu relato, do mesmo xeito que outros que escribiu, pretende "*mostrar a cara humana de acontecementos históricos*". Barral, que tamén escribe poesía e ten intención de adentrarse en xéneros de maior extensión nun futuro, considera que o concurso creativo de Xuventude outorga bastante visibilidade para os novos creadores e tamén un interesante apoio económico.

Polo demais, o contido estrela da portada deste **Xuventude.Novas** é o resultado do programa '**Aval Xóvenes**'. Trátase dun proxecto piloto con mozos e mozas do ámbito rural, no que participaron 50 persoas durante un ano. A iniciativa logrou unha inserción laboral

do 68 %. Resulta interesante ademais porque interviu en múltiples sectores de actividade, co que servirá para dinamizar a economía das zonas de influencia nas que se levou a cabo. Tamén dentro do ámbito da formación laboral, a revista dedícalles unha páxina ás novidades do programa '**Galeuropa**', que ofrecerá 3.000 prazas de prácticas no estranxeiro ata 2020. Este ano conta cun 55 % máis de recursos que na edición anterior, sempre coa liña de favorecer a experiencia profesional da mocidade, e por tanto a empregabilidade, mediante prácticas nun ámbito internacional.

Xuventude.Novas inclúe tamén unha reportaxe sobre a **Iniciativa Xove** do grupo informal '**Mociñas veñen e van**', de Mondoñedo. O seu proxecto '**Estimanimal**' ofreceu ocio educativo para persoas con diversidade funcional durante dúas fins de semana. Na actividade participaron usuarios da *Fundación ADCOR*, *Down Lugo*, *Raiolas*, *Aprom Cariño* e *Aspronaga*. Baseouse no contacto coa natureza no ámbito do albergue rural Garabullos, na localidade lucense de Cospeito.

A habitual axenda de concertos e actuacións musicais para as vindeiras semanas en toda Galicia completa este número de **Xuventude.Novas**.

Xuventude.Novas do mes de abril de 2015

Avaliación previa á contratación de profesorado polas universidades

Xoves, 30 Abril 2015 06:44



A **Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACUSG)** abre un prazo para a presentación de solicitudes por parte dos interesados que desexen obter a avaliación para poder ser contratados como persoal docente e investigador por algunha das universidades integrantes do *Sistema universitario de Galicia (SUG)*, como profesorado contratado doutor, de universidade privada e axudante doutor.

Destinatarios:

Poderán presentar a súa solicitude todas aquelas persoas que posúan o título de doutor.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedementos **ED702B**

O **prazo** para a presentación das solicitudes estará aberto ata o **30 de maio de 2015**.

Máis información no DOG do 30 de abril de 2015 e en www.acsug.es

300 mozos e mozas españois viaxarán a Estrasburgo para coñecer o Parlamento Europeo

Xoves, 30 Abril 2015 10:47



Doce equipos españois son os gañadores da **XXI edición do concurso Euroscola** que este ano desenvolveuse baixo o lema *"O noso mundo, a nosa dignidade, o noso futuro"* con motivo da celebración do **Ano Europeo de Desenvolvemento 2015**. Os mozos e mozas gañadoras viaxarán a Estrasburgo para coñecer a sede do *Parlamento Europeo* e participar, o próximo curso escolar, con mozos e mozas de todos os países da *Unión Europea*, nunha xornada de simulación do *Parlamento Europeo* para xóvenes.

Os equipos gañadores son dos seguintes centros escolares:

- Colexio Agustiniano de Madrid
- Colexio Sagrado Corazón de Tarifa das Palmas de Gran Canaria
- IES Trassierra de Córdoba
- IES Hermanos Argensola de Barbastro (Huesca)
- IES Almina de Ceuta
- IES Pinar de la Rubia de Valladolid
- IES La Laboral de Lardero (A Rioxa)
- Colexio Apóstol Santiago de Vigo (Pontevedra)
- Colexio Bellatrix de Calasparra (Murcia)
- Colexio Hijas de Jesús de Pamplona

E na versión en inglés do concurso:


- IES Tháder de Orihuela (Valencia)
- Colexio Ntra. Señora del Buen Consejo de Melilla

Nesta edición participaron 469 equipos, dos que 218 completaron as dúas fases do concurso. Cada equipo está formado por 10 alumnos/as e un profesor responsable.

Toda la información sobre este Concurso está dispoñible na páxina www.euro-scola.com

Prazas para persoas colaboradoras-bolseiras nas residencias xuvenís

Luns, 04 Maio 2015 05:59



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca **prazas para persoas colaboradoras-bolseiras nas residencias xuvenís dependentes** da Consellería de Traballo e Benestar para o curso académico 2015/2016.

Prazas:

- Lugo. Centro Residencial Xuvenil LUG: 4 prazas.
- Ourense. Florentino L. Cuevillas: 5 prazas.
- Vigo. Altamar: 6 prazas.

Requisitos:

Posuír nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou ser estranxeiro/a residente en España no momento da solicitude de praza.

Ter unha idade mínima de 18 anos e menos de 30 na data do 31 de decembro do ano en curso.

Estar cursando estudos universitarios nunha facultade ou escola universitaria, estudos superiores en ensinanzas artísticas ou ciclo formativo de grao superior, que admitan polo seu contido e saídas profesionais, a formación e a práctica a través de calquera das tarefas que se poden desenvolver nunha residencia xuvenil.

Ter unha renda media familiar que non supere o 150 % do IPREM* do ano en curso.

Non ter perdido con anterioridade a condición de colaborador/a por causa imputable á persoa solicitante.

Non padecer defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento normal da actividade no centro.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **4 de xuño de 2015**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **BS303C**.

Máis información no DOG do 4 de maio de 2015.

* O *Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples, IPREM* é un índice empregado en España como referencia para a concesión de axudas, bolsas, subvencións ou o subsidio de desemprego.

Para 2014 fixouse en 532,51 € mensuais.

RESIDENCIAS:

Lugo:
<http://xuventude.xunta.es/residencia-de-lugo.html>

Ourense:
<http://xuventude.xunta.es/residencia-de-ourense.html>

Vigo:
<http://xuventude.xunta.es/residencia-de-vigo.html>

VACACIONS SOLIDARIAS: Campamentos de verán para nenos e nenas sen recursos

Luns, 04 Maio 2015 08:49

Dende a Reaj e en colaboración con distintas CC. AA, entre as que se atopa Galicia, comeza a funcionar o proxecto "Vacacións Solidarias" co que se pretende dar oportunidade a todos aqueles rapaces e rapazas sen recursos para que poidan participar durante este verán nun campamento a desenvolver nun dos albergues xuvenís da "Red de Albergues Juveniles (REAJ)".

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Entrenamento Creativo en Santiago de Compostela

Martes, 28 Abril 2015 14:35

Entrenamento creativo



Pensamiento Creativo en colaboración con Cersia, organizan a charla gratuita "Entrenamiento Creativo" para concienciar á xente da importancia do pensamento creativo na sociedade e no entorno laboral actual.

O prazo de inscrición estará aberto ata o **28 de Maio de 2015**.

Data: 29 de Maio de 2015.

Lugar: Salón de actos del Edificio Cersia. Rúa Alcalde Raimundo López Pol s/n. Santiago de Compostela.

Horario: de 17:00 a 19:00

Máis información: <http://pensamientocreativo.org/charla-creatividad/>

Obradoiros en Santiago de Compostela

Xoves, 30 Abril 2015 07:45



Diagnosis, formación e diagnóstico, convoca os seguintes obradoiros en Santiago de Compostela:

Obradoiro de técnica vocal.

Imparte: Mónica de Nut

Destinatarios: docentes, actores, cantantes e profesionais que traballen coa voz.

Datas: 23 de maio de 2015.

Horario: de 10 a 14 h

Prezo: 25 €

Curso de lingua de signos-A1

Datas: do 18 de maio ao 26 de xuño de 2015

Prezo: 200 €

Obradoiro de iniciación á globoflexia

Datas: sábado 30 de Maio

Horario: de 10 a 14 h

Prezo: 20 €

Máis información en Diagnosis. Teléfono 881 940 637 e 659 008 712. <http://diagnosisformacion.wix.com/diagnosis>

Circuito de recursos didácticos

Luns, 04 Maio 2015 09:15

A **Escola de Tempo libre Campa** organiza un circuito de recursos didácticos:

Traballando a igualdade: 9, 16, 23 e 30 de maio.



Traballando a interculturalidade: 6, 13, 20 e 27 de xuño.

Traballando os hábitos saudables: 5, 12, 19 e 26 de setembro.

Traballando a educación vial: 3, 10, 17 e 24 de outubro.

Máis información na Escola de Tempo libre Campa, www.etlcampa.net

Cursos Garantía Xuvenil do Centro Ensinanzas Modernas

Luns, 04 Maio 2015 09:58

Esta empresa ofrece formación de carácter gratuito ós xóvenes do **Sistema Nacional de Garantía Xuvenil**, que cumpran determinados requisitos. Ofrecen a posibilidade de obter certificado de profesionalidade en:

- Implantación e animación de espazos comerciais.
- Actividades de Xestión do pequeno comercio.
- Xestión de procesos de servizo de restauración.

Máis información www.ensenanzasmodernas.es-- 91- 1265676.


NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Monitor de actividades de tempo libre en Santa María de Oia

Martes, 28 Abril 2015 06:32

A Escola de tempo libre Ferverza organiza un curso intensivo de Monitor de actividades de tempo libre en Santa María de Oia, en réxime de campamento.



Datas:

Quenda 1: Do 1 ao 20 de xullo.

Quenda 2: Do 20 de xullo ao 8 de agosto.

Lugar: Sta. M^a de Oia (Pontevedra).

Prezo:

400 € con Carné Xove ou Familia numerosa.

380 € se te apuntas cun amigo/a.

360 € se estás no paro.

350 € se fas un único pago antes do 31 de maio.

450 € prezo sen descontos (inclúe material do curso, documentación, formadores, alimentación e transporte ó lugar de acampada, aloxamento en tendas de campaña, duchas...seguemento das prácticas, orientación na elaboración da memoria, seguro de R.C., e tramitación do título.)

Máis información:

Escola de tempo libre Ferverza, teléfono: 606 321 636

<http://www.escolaferenza.es>

secretario@escolaferenza.es

Curso de Director de Actividades de Tempo Libre na Coruña

Martes, 28 Abril 2015 06:41



A Escola de tempo libre A Escola das Utopías, organiza un curso de Director de Actividades de Tempo Libre na Coruña.

Datas: Do 2 de maio ao 20 de xuño.

Horario: Sábados e domingos de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00.

Lugar: R/Manuel Deschamps 5. A Coruña.

Máis información na Escola das Utopías, teléfono 619 345 100.

<http://escoladasutopias.blogspot.com.es/>

Curso de Monitor de Actividades de Tempo Libre en Melide

Xoves, 30 Abril 2015 10:20



A Escola de tempo libre Barlovento convoca un curso de Monitor de Actividades de Tempo Libre en Melide.

Datas: do 8 de maio ao 12 de xullo de 2015.

Horarios:

Venres: de 16:00 a 21:00 horas (5 horas)

Sábados de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 horas (10 horas)

Domingos: de 9:00 a 14:00 horas (5 horas)

Lugar: Edificio Multiusos de Melide. Praza das Universidades s/n. Melide (A Coruña)

Máis información na Escola de tempo libre Barlovento. Teléfono 670 892 307. <http://marexada.es/cursos/>

BOLSAS E AXUDAS CONVOCATORIA XERAL

Bolsas para cursos da Universidade Internacional Menéndez Pelayo

Martes, 28 Abril 2015 07:11



A Universidade Internacional Menéndez Pelayo convoca **axudas dirixidas a estudantes e titulados universitarios para a asistencia ás actividades académicas** que se celebrarán nas súas sedes durante o ano 2015. Convócase un número máximo de 750 bolsas de matrícula e un número máximo de **750 bolsas completas**.

Requisitos:

Estar matriculado no curso académico 2014/2015 ou 2015/2016 en estudos oficiais conducen-tes á obtención dun título de Grado, Máster ou Doutor nunha Universidade española.

Ter finalizado con anterioridade ao curso académico 2014/2015 calquera de estes estudos oficiais.

O solicitante deberá acreditar unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 6 sobre base 10.

As **bolsas adoptarán as seguintes modalidades:**

- A) Bolsa completa.
- B) Bolsa de matrícula

Bolsa completa.

1. A bolsa completa consiste no pagamento do aloxamento e manutención nas instalacións da Universidade Internacional Menéndez Pelayo ou noutras residencias concertadas e a matrícula gratuíta ao curso ou seminario que se solicite.

Bolsa de matrícula.

1. A bolsa de matrícula comporta, exclusivamente, a exención do pagamento da matrícula no curso ou seminario solicitado polo alumno.

As solicitudes de bolsas cursaranse telematicamente a través da páxina web da Universidade (www.uimp.es)

Prazos:

Cursos en Santander:

Ata o 18 de maio de 2015 para os cursos que comecen antes do 17 de xullo de 2015.

Ata o 15 de xuño de 2015 para os cursos que comecen a partir do 20 de xullo de 2015.

Cursos en Valencia, Galicia, Sevilla, Tenerife, Pireneos e Cuenca: Ata un mes antes do comezo do curso que se solicita.

Máis información no BOE do 28 de abril de 2015 e en www.uimp.es

BOLSAS E AXUDAS FORMACION PRACTICA

Bolsas na Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia

Martes, 28 Abril 2015 07:26

A Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia convoca **20 bolsas para a realización de actividades de formación, información e divulgación relacionadas co ámbito da súa actuación**.



A contía destas bolsas por beneficiario será de 1.100 € mensuais.

A duración das bolsas será de 10 meses, dende setembro a decembro de 2015 e dende xaneiro ata xuño de 2016.

Requisitos:

Estar en posesión de titulación universitaria superior (enxeñaría, licenciatura, grao ou equivalente) nos campos do Dereito, a Economía, a Empresa, ou en áreas de ciencia e tecnoloxía especificamente relacionadas cos sectores económicos supervisados pola CNMC. A titulación debeu ser obtida no ano 2012 ou en anos posteriores.

Coñecementos de inglés. Valorarase coñecementos de francés e alemán.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **18 de maio de 2015**.

Máis información no BOE do 28 de abril de 2015 e en <http://www.cnmc.es/>

Bolsas de investigación no Consello da Cultura Galega

Mercores, 29 Abril 2015 06:24



O Consello da Cultura Galega convoca **3 bolsas de colaboración en proxectos de investigación** concretos que se están a desenvolver no Consello:

2 bolsas para colaborar na Área de Publicacións.

Requisitos: Ser licenciado/a en Comunicación, Humanidades ou Ciencias Sociais.

Valoraranse como méritos:

- Posuír experiencia en edición de textos e edición dixital.*
- Posuír coñecementos de tradución e corrección.*
- Posuír coñecementos de informática.*

1 bolsa para colaborar na Área de Documentación

Requisitos:

Ser licenciado/a en Documentación ou Humanidades.

Valoraranse como méritos:

- Posuír coñecementos de catalogación en formatos Marc.
- Posuír coñecementos de programas de catalogación.
- Posuír coñecementos de informática.
- Posuír experiencia en xestión documental.

Requisitos xerais:

Ter rematados os estudos conducentes á titulación no curso académico 2010/11 ou posterior.

Acreditar coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.

A duración de cada unha das bolsas será de 6 meses, iniciaranse previsiblemente o 1 de xuño de 2015 e rematarán o 30 de novembro de 2015.

A contía das bolsas será de 950 € mensuais.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **29 de maio de 2015**.

Pódense tramitar a través da sede electrónica da Xunta: <https://sede.xunta.es> co procedemento **PR970B**.

Máis información no DOG do 29 de abril de 2015 e en www.consellodacultura.org

BOLSAS E AXUDAS → MOBILIDADE

Axudas Erasmus para a mobilidade de estudantes

Mercores, 29 Abril 2015 09:28



O Ministerio de Educación convoca **axudas de mobilidade Erasmus.es** a estudantes de institucións de Educación Superior que obtivesen a Carta Erasmus de Educación Superior del Programa Erasmus+ para o período 2014-2020, para realizar unha parte dos seus estudos ou prácticas, en institucións europeas de Educación Superior doutros países do Programa Erasmus+.

Estudos incluídos:

Ensino universitario, as ensinanzas artísticas superiores, a formación profesional de grao superior, as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao superior, e as ensinanzas deportivas de grao superior.

Requisitos:

Ter sido seleccionados polas institucións de Educación Superior de orixe no marco do Programa Erasmus+, para realizar unha parte dos seus estudos ou prácticas.

Acreditar un nivel B2 ou equivalente no idioma no que se vai recibir a docencia na institución de destino ou no que se realicen as prácticas.

No caso dos estudos universitarios oficiais de Grao, debe acreditarse a superación de 60 créditos ECTS dos estudos que se estean a cursar.

As axudas concederanse por un máximo de 5 meses no caso de mobilidades para estudos, e por un máximo de 3 meses no caso das mobilidades para prácticas, e gozaranse durante o curso académico 2015/2016.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **29 de maio de 2015**


Máis información no BOE do 29 de abril de 2015 e en

<http://www.oapee.es/oapee/inicio/ErasmusPlus/con-2015-gestion/convocatoria-2015.html>

PREMIOS E CONCURSOS

XI Concurso de Poesía Anomar

Xoves, 30 Abril 2015 13:48



A **Asociación Recreativa e Cultural Os Tilos** convoca a **undécima edición do concurso de poesía Anomar**.

Segundo a idade da persoa participante presentará a súa obra ou obras a categoría correspondente:

Categoría 1ª.- Rapaces e rapazas de 9 a 14 anos.

Categoría 2ª.- Mozos e mozas de 15 a 18 anos.

Categoría 3ª.- Maiores de 18 anos

A temática dos poemas é libre cun mínimo de **20 versos e un máximo de 100**, e a lingua dos poemas será o galego.

Os poemas poden enviarse por correo ordinario a:

Asociación Recreativa e Cultural Os Tilos R/Ameneiro, número 8 15894 Os Tilos-Teo, cos datos persoais e teléfono de contacto nun folio anexo, ou se pode facer de forma on-line ao seguinte enderezo: arcostilos@arcostilos.org, a obra será remitida como arquivo axunto, sen poñer o nome da persoa, no corpo do e-mail terán que constar os datos do autor/a, e no asunto indicárase **XI Concurso de Poesía "Anomar"**.

O **prazo** para participar estará aberto ata o **12 de maio de 2015**. E a decisión do xurado coñecerase o día **22 de maio** nun acto público nos locais da asociación ás **20:30 horas**.

Agardamos a participación de todas e todos os interesados neste xénero literario.

Máis información en <http://asociacion.arcostilos.org/>

X Premio Xóvenes Emprendedores más human

Luns, 04 Maio 2015 10:00

Estos premios coa colaboración do **Injuve**, está destinado a **xóvenes entre 14 e 30 anos** que queren por en marcha ou puxeron un proxecto empresarial ou social.

Hai 3 categorías:

- Proxectos en fase inicial de creación.
- Con un ano de vida.
- Emprendemento social.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **20 de xuño**. Máis información www.injuve.es

13ª Edición Certame Creativo "Un dedo de espuma dous dedos de frente"

Luns, 04 Maio 2015 10:01

A **Asociación de cerveceiros de España** en colaboración co **Ministerio de Agricultura**, fan esta campaña para concienciar ós xóvenes maiores de idade sobre o consumo responsable e moderado da cerveza.

Hai 4 categorías: *Audiovisual, Gráfica, Fotografía e Tweet*. Os premios son 7.500 euros. Máis información 91 3846797 . www.facebook.com/cervecear

Bases concurso cartel das Festas de San Xoán 2015

Luns, 04 Maio 2015 10:02

O **Concello de Carballo**, convoca este concurso para seleccionar o cartel de ditas festas. A dotación do premio é de 450 euros.

O **prazo** de presentación de carteis é ata o **15 de maio de 2015**.

Máis información **Concello de Carballo**, www.carballo.org, tlf 981 704300

PREMIOS E CONCURSOS

EXPOSICIÓNS CERTAMES E CONCERTOS

13 Certame de Cómics de Cangas

Luns, 04 Maio 2015 09:49



A **Concellería de Cultura de Cangas**, convoca o **13 Certame de Cómics**, dirixido a novos artistas de ata 35 anos.

Establécense tres categorías:

Categoría A de 18 a 35 anos

Categoría B de 14 a 17 anos

Premio á Viñeta Xove para menores de 14.

Os traballos serán orixinais con textos en galego, de creación propia ou inéditos, non debendo ser premiados anteriormente. O tema e a técnica son libres (cor ou branco e negro), en formato DIN-A4.

A extensión será de 4 páxinas para as categorías A e B; e de 2 a 4, para o **Premio Viñeta Xove**. Os traballos deben presentarse antes do **30 xuño**.

Premios:

Categoría A: 500 €

Categoría B: 200 €

Premio Veñeta Xove: 100 €

Os traballos poden presentarse ata o 30 de xuño na Casa da Xuventude de Cangas, Rúa Real 29. 36940 Cangas. Pontevedra.

Os traballos presentarase polo sistema de plica, nun sobre pechado aparte figurará o título ou lema e a categoría na que se participa e no interior do sobre o título ou lema, fotocopia do DNI, enderezo e teléfono de contacto.

Máis información na **Casa da Xuventude de Cangas**, teléfono 986 392 171.

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PUBLICO

Vixiantes de piscina para Ames

Mercores, 29 Abril 2015 06:12

O **Concello de Ames** necesita contratar **6 vixiantes de piscina** para a tempada de verán 2015.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **12 de maio de 2015**.

Máis información na **OMIX de Ames**, teléfono 981 883 002.

Xuíz de Paz de Oleiros

Xoves, 30 Abril 2015 07:06

O **Concello de Oleiros** fai unha convocatoria pública para cubrir a **praza de xuíz de paz**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **30 de maio de 2015**.

Máis información no **BOP de Lugo do 30 de abril de 2015** e na **OMIX de Oleiros**, teléfono 981 636 598.

Bolsa de emprego para auxiliar de axuda a domicilio en Sandiás

Xoves, 30 Abril 2015 07:15

O **Concello de Sandiás** convoca unha bolsa de emprego para o desempeño de postos de **auxiliar de axuda a domicilio**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **11 de maio de 2015**.

Máis información no BOP de Ourense do 30 de abril de 2015 e na **OMIX de Sandiás**, teléfono 988 465 001.

Auxiliar de axuda no fogar en Baltar

Luns, 04 Maio 2015 07:48

O **Concello de Baltar** necesita contratar **unha persoa auxiliar de axuda no fogar**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **9 de maio de 2015**.

Máis información no BOP de Ourense do 4 de maio de 2015 e na **OMIX de Baltar**, teléfono 988 466 503.

Xuíz de Paz de Cervantes

Luns, 04 Maio 2015 08:17

O **Concello de Cervantes** fai unha convocatoria pública para cubrir **a praza de xuíz de paz**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculpado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **20 de maio de 2015**.

Máis información no BOP de Lugo do 2 de maio de 2015 e no **Concello de Cervantes**, teléfono 982 364 904.

Persoal para a Deputación de Lugo

Luns, 04 Maio 2015 08:26

A **Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (SUPLUSA)** fai unha convocatoria para a selección, mediante oposición libre, do **persoal necesario para a confección dun listado de contratación das seguintes prazas:**

- **PRAZA DE GOBERNANZA:** Será necesario estar en posesión do título de diplomado ou grado.

- **PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL:** Será necesario estar en posesión do título de diplomado ou grado en traballo social, ou equivalente.

- **PRAZA DE TÉCNICO:** Título universitario de escola técnica relacionado coas tarefas do posto de traballo.

- **PRAZA DE OFICIAL DE MANTEMENTO:** Será necesario estar en posesión dun ciclo de FP ou título equivalente relacionado co posto de traballo.

- **PRAZA DE XEROCULTOR/A:** Será necesario o título de técnico en cuidados auxiliares de enfermería, ou técnico de atención socio-sanitaria, así como o certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institución sociais ou vías equivalentes.

- **PRAZA DE COCIÑEIRO/A:** Será necesario estar en posesión do ciclo de FP ou título equivalente relacionado coas tarefas do posto de traballo.

- **PRAZA DE CONDUTOR/A:** Será necesario estar en posesión do título de EXB ou ESO, así como estar en posesión do carné de conducir de clase B.

- **PRAZA DE LIMPADOR/A:** Será necesario estar en posesión do título de EXB ou ESO.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **8 de maio de 2015**.

Máis información no BOP de Lugo do 2 de maio de 2015 e en <http://suplusa.deputacionlugo.org/>

Convocadas 323 prazas de mestres na Comunidade de Castela-A Mancha

Luns, 04 Maio 2015 09:52

As prazas convocadas polo sistema de concurso-oposición, son: **252 de profesores da ESO, 21 con discapacidades, 10 de música e artes escénicas e 40 de FP.**

O prazo de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a **partir da publicación no BOE**.

Máis información **BOE do 28 de abril de 2015**. www.boe.es

Convocada bolsa de emprego de médicos e técnicos en farmacia

Luns, 04 Maio 2015 09:52

O **Servizo Cántabro de Saúde** convoca estas **dúas bolsas para licenciado en medicina e técnico en farmacia**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **15 de maio de 2015**. **Máis información** www.060.es

Convocada bolsa de emprego de oficial de mantemento na Comunidade de Navarra

Luns, 04 Maio 2015 09:53

Convocada esta bolsa de traballo para **técnicos superiores** en diversas ramas profesionais, como persoal laboral temporal.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **15 de maio de 2015**.

Máis información www.060.es

Convocadas 20 bolsas de prácticas en oficinas de turismo de Pontevedra

Luns, 04 Maio 2015 09:54

A **Deputación Provincial**, saca estas **20 bolsas de práctica laboral** para diversas oficinas de turismo municipais da provincia.

O importe é de 800 euros ó mes para licenciados. O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días hábiles**, contados **a partir da publicación da bolsa o 28 de abril**.

Máis información www.boppo.es

Convocada 1 praza de xuíz de paz en Arbo

Luns, 04 Maio 2015 09:55

O **Concello de Arbo (Pontevedra)**, convoca esta **praza de xuíz de paz**, polo período de catro anos.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **15 días hábiles**, contados a partir da publicación no boppo o **4 de maio**. www.boppo.es

Convocada unha bolsa de turismo no Concello de Caldas de Reis (Pontevedra)

Luns, 04 Maio 2015 09:55

A **bolsa de turismo** é para a tempada de verán e ten un importe bruto de 3.138,88 euros.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de 8 días desde a publicación o **4 de maio** na páxina www.boppo.es.

Convocadas bolsas Airbus Defence and Space Sevilla 2015

Luns, 04 Maio 2015 09:59

A **Fundación SEPI**, convoca **24 bolsas para titulados e estudantes de enxeñería, grao ou máster**. A formación práctica terá unha duración de 12 meses.

A dotación da bolsa é de 920 euros mensuais. **Máis información** www.fundacionsepi.es

Convocadas 4 prazas temporais de enxeñeiro ou graduado informático na UDC

Luns, 04 Maio 2015 10:00

A **Universidade da Coruña**, convoca estas **prazas 2 o 27 de abril e 2 o 29 de abril**, como colaboradores en proxectos de investigación. O **prazo** de presentación de solicitudes é **10 días desde a publicación**.

Máis información www.udc.es

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PRIVADO

Cortador/a de xamón Pontevedra

Martes, 28 Abril 2015 07:16

Nortempo Vilagarcía de Arousa selecciona un cortador/a de xamón para empresa de alimentación, con experiencia en corte de coitelo. Contrato de duración determinada-eventual para campaña de verán.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/cortador-a-jamon/pontevedra/1807281/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=hosteleria-turismo&utm_term=pontevedra

Operario/a de automoción Pontevedra

Martes, 28 Abril 2015 07:18

Nortempo Vigo selecciona 10 postos de operario/a de automoción para traballo en cadea de produción.

Se require:

Experiencia en inxección de plásticos.

Disponibilidade horaria.

Residencia en Pontevedra ou arredores.

Imprescindible experiencia durante un ano en cadea de produción en calquera sector.

Contrato de xornada completa.

Xornada continua.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/operario-a-de-automocion/pontevedra/1805267/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=ingenieria-y-produccion&utm_term=pontevedra

Captador de socios a media xornada Pontevedra

Martes, 28 Abril 2015 07:19

ACNUR Pontevedra necesita incorporar **10 captadores/as de socios**.

Se necesitan persoas extrovertidas con capacidade de traballo en equipo.

Identificación cos valores de ACNUR.

Incorporación inmediata.

Traballo por obxectivos.

Se ofrece contrato semanal de 22,5 hrs. por semana.

Traballo de luns a venres 4,5 hrs.

Salario de 12 000 euros ano.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/captador-de-socios-media-jornada-acnur-pontevedra/pontevedra/1806282/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=comercial-ventas&utm_term=pontevedra

Técnico/a de mantemento eléctrico/mecánico Pontevedra

Martes, 28 Abril 2015 07:34

Adecco automotive, selecciona para importante empresa do sector da automoción dos arredores de Vigo un/unha técnico/a de mantemento do sector eléctrico/mecánico.

Se require FP de Grado Superior e tres anos de experiencia mínimo.

Se ofrece incorporación inmediata.

Contrato de duración determinada.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/tecnico-a-a-mantenimiento-electrico-mecanico-a/pontevedra/1805102/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=ingenieria-y-produccion&utm_term=pontevedra

Xóvenes sen experiencia para área comercial A Coruña

Martes, 28 Abril 2015 07:35

Oferta de emprego de **4 prazas de xóvenes sen experiencia para área Comercial AyG Marketing e Servizos en A Coruña.**

Funcións de informar a clientes e non clientes das ventaxas das empresas que representamos do sector das telecomunicacións.

Canal presencial.

Base de datos para as visitas.

Formación e traballo en equipo.

Boa imaxen.

Altas comisións por venda.

Xornada completa ata as 18:00 hrs.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/jovenes-sin-experiencia-para-area-comercial/a-corunna/1807208/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=comercial-ventas&utm_term=a-corunna

Recepcionista/camareiro Santiago de Compostela

Martes, 28 Abril 2015 07:35

Nortempo Santiago selecciona un recepcionista/camareiro para hotel situado nos arredores de Santiago de Compostela.

Tareas de información tanto presencial como telefónica a clientes, recepción, xestión de reservas, almozos, etc.

Experiencia mínima dun ano.

Formación relacionada co sector.

Contrato eventual con posibilidade de prórroga segundo valía. Xornada completa.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/recepcionista-camarero/a-corunna/1807674/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=hosteleria-turismo&utm_term=a-corunna

Axente comercial Muros (A Coruña)

Martes, 28 Abril 2015 07:46

Nortempo Santiago selecciona un recepcionista/camareiro para hotel situado nos arredores de Santiago de Compostela.

Tareas de información tanto presencial como telefónica a clientes, recepción, xestión de reservas, almozos, etc.

Experiencia mínima dun ano.

Formación relacionada co sector.

Contrato eventual con posibilidade de prórroga segundo valía. Xornada completa.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/recepcionista-camarero/a-corunna/1807674/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=hosteleria-turismo&utm_term=a-corunna

Axente comercial Muros (A Coruña)

Martes, 28 Abril 2015 07:46

Nortempo Vilagarcía selecciona, axente comercial para empresa do sector da alimentación na zona norte de A Coruña.

Con funcións de fidelizar e incrementar as vendas dos clientes xa existentes na empresa e apertura de novas posibilidades comerciais. Experiencia mínima de cinco anos.

Carne de conducción B1.

Dominio básico de programas informáticos.

Contrato de xornada completa, salario fixo segundo convenio + comisións.

Dietas e vehículo de empresa.

Contrato de duración determinada. Xornada completa.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/agente-comercial/a-corunna/1807217/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=comercial-ventas&utm_term=a-corunna

Ofertas Servizo Público de Emprego 01/05/2015

Xoves, 30 Abril 2015 11:00

Dependentes de florería

- Localidade: Noia (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2015/2140
- Data: 05/05/2015
- Requisitos: dependente de floristería con discapacidade. Venda e composición floral e con plantas.

Cociñeiros/as, en xeral

- Localidade: Caldas de Reis (Pontevedra)
- Nº oferta: 12/2015/2835
- Data: 05/05/2015
- Requisitos: con experiencia mínima de 24 meses.

Fisioterapeutas, en xeral

- Localidade: Carballo (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2015/3169
- Data: 05/05/2015
- Requisitos: necesítanse fisioterapeutas.

Odontólogos/as

- Localidade: Monforte de Lemos (Lugo)
- Nº oferta: 12/2015/3407
- Data: 05/05/2015
- Requisitos: odontólogo/a para contrato en prácticas.

Esteticistas

- Localidade: Vigo (Pontevedra)
- Nº oferta: 12/2015/3556
- Data: 05/05/2015

- Requisitos: especialistas en depilación con fio.

Protésicos dentais

- Localidade: Cambados (Pontevedra)
- Nº oferta: 12/2015/3620
- Data: 05/05/2015
- Requisitos: precísase un protésico dental con dous anos de experiencia en mecánica.

Operadores de máquina impresora offset, en xeral

- Localidade: San Cibrao das Viñas (Ourense)
- Nº oferta: 12/2015/3759
- Data: 05/05/2015
- Requisitos: impresor offset máquina de 2 a 4 cores.

Operadores de máquina cortadora-pregadora de papel e cartón

- Localidade: San Cibrao das Viñas (Ourense)
- Nº oferta: 12/2015/3760
- Data: 05/05/2015
- Requisitos: troquelador/a-pegador artes gráficas para plano e planocilíndrica. Sector packaging (traballos con cartón).

Pintores e/ou empapeladores

- Localidade: Ourense
- Nº oferta: 12/2015/3831
- Data: 05/05/2015
- Requisitos: precisase pintor/a oficial de edificios que teña feito o curso de prevención de riscos laborais de 60 hrs.

Perruqueiro/a de señoras

- Localidade: Coruña, A
- Nº oferta: 12/2015/3837
- Data: 05/05/2015
- Requisitos: necesítase perruqueiro/a de señoras. Titulación e 10 anos de experiencia. Permiso de conducir.

Instaladores electricistas, en xeral

- Localidade: Cambre (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2015/3847
- Data: 05/05/2015
- Requisitos: electricista con experiencia de 2 anos, en instalación e mantemento de instalacións eléctricas, con coñecementos de alemán e absoluta disponibilidad para viaxar.


Máis información no 012 e en <http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/>

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX

OMIX

Ollando o Yenisei en Pantón

Luns, 04 Maio 2015 07:35



OLLANDO O YENISEI(Енисей)

A **Oficina de Información Xuvenil** do concello de Pantón, en colaboración co fotógrafo ruso Andrei Baskov, organiza unha exposición con fotografías do río Yenisei.

Están expostas no segundo piso do edificio Sociocultural do Castro de Ferreira.

Máis información na **OMIX de Pantón**, teléfono 982 456 377.

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX

CASAS DA XUVENTUDE

Obradoiro de contacontos en Vilagarcía de Arousa

Venres, 01 Maio 2015 18:47



Obradoiro de iniciación ós Contacontos
Sábado 9 de maio

Onde: **ESPAZO XOVE** (Casa da Xuventude Vilagarcía)

Dirixido a: **Os participantes entre 15 e 35 anos**

Duración: **2 horas**

Horario: **de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00**

Que inclúe

- * Profesional do Contacontos con experiencia en actuacións a todas as idades.
- * Todo o material necesario para as actividades.

Inscripción e reservas:

cxvilagarcia.traballo@xunta.es
Teléfono: 986 50 15 68

XUNTA DE GALICIA
CONSELO DE TRABALLO E EMPREGO
Depto. Xeral de Promoción e Información

O **espazo xove de Vilagarcía** organiza o próximo sábado día 9 de maio un obradoiro de contacontos con horario de mañá e tarde dirixido a xovenes de entre 15 a 35 anos.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net